

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE TUI**

ANUNCIO de convocatoria de proceso selectivo para prazas de promoción interna, oferta de emprego público de 2017.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra número 17 de data 27.1.2020, publicouse anuncio da Resolución da Concellería Delegada de Persoal, do 13.12.2019, polo que se aprobou a convocatoria e as bases xerais e específicas para cubrir por promoción interna as seguintes prazas:

– Unha (1) praza de persoal funcionario de carreira, da escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase persoal de oficios, denominación: encargado oficial de obras mediante concurso-oposición por promoción interna.

– Cinco (5) prazas de persoal funcionario de carreira, da escala de Administración xeral, subescala administrativa, denominación administrativo, mediante concurso-oposición por promoción interna.

As bases da convocatoria tamén se encontran expostas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) e de forma complementaria, na páxina web municipal www.tui.gal

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Tui, 3 de febreiro de 2020

O alcalde
P.D. (Resolución do 24.6.2019, número 2019-0720)
José Ramón Magán Rivera
Concelleiro delegado de Persoal

